

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DO BONO COIDADADO EXTRAORDINARIO PARA FAMILIAS CON NENAS E NENOS DE ATA DOCE ANOS DE IDADE

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso

INFORMA:

Da concesión de axudas económicas ás familias con nenas e nenos de ata doce anos de idade , estes incluídos, para a conciliación da vida familiar e laboral durante o tempo da suspensión de actividades nas escolas infantís de 0-3 anos e centros de ensino non universitario como consecuencia do COVID-19.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

Os pais, nais , titores , titoras ou as persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva de nenas e nenos de ata doce anos de idade residentes en Galicia que se atopen traballando e que cuxos salarios netos da última mensuralidade detraendo o rateo da aga extraordinaria se a houber, ou os rendementos netos da unidade familiar no caso de persoas autónoma non superen os 2500 euros ou de superalos non sexan superiores aos 806 € per cápita.

GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍAS:

1. Contratación de servizos de atención á infancia a domicilio.
2. Contratación laboral ou ampliación do contrato preexistente dunha persoa empregada do fogar destinada ao coidado das nenas e nenos
3. Paso a unha situación de excedencia polo coidado dos fillos/fillas ou redución da xornada de traballo pola mesma causa do pai, nai, titor , titora ou as persoas que teñan a nena ou neno en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva sempre que supoña unha redución efectiva das retribucións.

A axuda pode acadar ata o 100% do custo da contratación ou do importe da redución das retribucións cun límite máximo global de 500 euros / mes por unidade familiar.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: Ata o 13 de xullo de 2020

CONTÍA:

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente poderase presentar presencialmente no Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte nº 7, Baixo, Sigüeiro. CITA PREVIA no teléfono : 981688950

MAIS INFORMACIÓN: Orde do 11 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás familias con nenas e nenos de ata doce anos de idade para a conciliación na situación xerada pola COVID-19 a través do programa de Bono coidado extraordinario. (DOG nº 114-bis do 12/06/2020)

Oroso, 18 de xuño de 2020

O alcalde,

Manuel Miras Franqueira

